

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005002	IES Ramón Otero Pedrayo	A Coruña	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación plástica, visual e audiovisual	1º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	17
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

1. Introducción

A ensinanza secundaria obrigatoria entende a Educación Plástica e Visual como un motor do desenvolvemento das capacidades perceptivas, estéticas e expresivas da persoa.

A ensinanza desta área debe fundamentarse en dos obxectivos básicos: saber ver e saber facer.

No primeiro, saber ver, fai referencia á necesidade de educar a percepción dos alumnos/as nas vertentes obxectiva e subxectiva. Isto é que sexa capaz de analizar o seu entorno natural e as imaxes obxectivamente, exercendo a súa capacidade crítica, o seu intelecto e polo tanto, que saiba avaliar a información visual, baseándose nunca comprensión racional e chegar a conclusións persoais, positivas ou negativas según a súa escala de valores.

No que respecta ao segundo obxectivo, saber facer, preténdese que todos os nosos alumnos/as sexan capaces de comunicarse con imaxinación e desenvolvan unha actitude creativa no mundo plástico e visual. Os alumnos e alumnas deben poder realizar tanto representacións obxectivas como as que requiren unha maior subxectividade.

Para obter esta competencia expresiva é necesario ter os coñecementos imprescindibles, non só conceptuais, tamén procedimentais, que lle permitan expresar todo o seu potencial creativo.

É moi importante procurar accións formativas que encamiñen a potenciar a receptividade e a sensibilidade e tamén o espírito de análise crítica para contrarrestar as presións e manipulacións do noso entorno comunicativo.

A aprendizaxe da produción de imaxes con códigos visuais, artísticos e técnicos, concretarase con propostas diversas de descrición e representación gráfico-plástica, de expresión subxectiva, de composición visual, de transferencia de linguaxes, de transformación de imaxes, que deben materializarse cos medios tecnolóxicos e os gráfico-plásticos tradicionais.

A partires das accións comprensivas e produtivas, dinamízanse outras finalidades formativas na área da Educación Plástica e Visual: afínase a capacidade perceptiva e cognitiva, auméntase a habilidade psicomotriz, foméntase a creatividade e a tendencia á innovación, favorécese o equilibrio emocional e foméntanse valores socializadores como o recoñecemento da pluralidade de pensamento e de expresión do ser humano.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender a importancia que tiveron no desenvolvemento do ser humano algúns exemplos seleccionados das distintas manifestacións culturais e artísticas, amosando interese polo patrimonio como parte da propia cultura, para entender como se converten no testemuño dos valores e das conviccións de cada persoa e da sociedade no seu conxunto, e para recoñecer a necesidade da súa protección e da súa conservación.	1	3			3	1-2		1
OBX2 - Explicar as producións plásticas, visuais e audiovisuais propias, comparándoas coas dos seus iguais e con algunhas das que conforman o patrimonio cultural e artístico, xustificando as opinións e tendo en conta o progreso desde a intención ata a realización, para valorar o intercambio, as experiencias compartidas e o diálogo intercultural, así como para superar estereotipos.	1				1-3	1-3		1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Analizar diferentes propostas plásticas, visuais e audiovisuais, amosando respecto e desenvolvendo a capacidade de observación e interiorización da experiencia e da satisfacción estética, para enriquecer a cultura artística individual e alimentar o imaxinario propio.	1-2			1	4	1-3		2
OBX4 - Explorar as técnicas, as linguaxes e as intencións de diferentes producións culturais e artísticas, analizando, de forma aberta e respectuosa tanto o proceso como o produto final, a súa recepción e o seu contexto, para descubrir as posibilidades que ofrecen como fonte xeradora de ideas e respostas.	2	3		1-2	3	3		2
OBX5 - Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes en función da intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimentos propios, así como para mellorar a capacidade de comunicación e desenvolver a reflexión crítica e a autoconfianza.	2				1-3-4	3		3-4
OBX6 - Apropiarse das referencias culturais e artísticas da contorna, identificando as súas singularidades, para enriquecer as creacións propias e desenvolver a identidade persoal, cultural e social.	2			1	3	1		3
OBX7 - Aplicar as técnicas, os recursos e as convencións principais das linguaxes artísticas, incorporando de forma creativa as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías, para as integrar e enriquecer o deseño e a realización dun proxecto artístico.	2-3		3	1-5		1-3		4
OBX8 - Compartir producións e manifestacións artísticas, adaptando o proxecto á intención e ás características do público destinatario, para valorar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal.	1		2-3	3	3-5		3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Un mundo de imaxes	Diferencia entre mirar e ver. A percepción visual: ilusións ópticas. Significado das	17	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Un mundo de imaxes	imaxes. Funcións das imaxes. A collage.	17	12	X		
2	A linguaxe visual	Componentes básicos das imaxes: o punto, aliña, a forma, a cor, a textura.	17	12	X		
3	Un mundo organizado	Elementos xeométricos básicos, trazados básicos. polígonos regulares. Tanxencias. módulos e redes.	17	12		X	
4	A escala	Tamaño e dimensións. Proporcionalidade. O canon da figura humana. Vistas diédricas.	17	12		X	
5	Capturar un instante	Profundidade e perspectiva. o debuxo en perspectiva. a fotografía, tipos de planos.	17	12			X
6	Ilustrar historias	Imaxe e narración. o cómic. Elementos dunha historieta. O audiovisual.	15	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Un mundo de imaxes	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	Recoñece a diferenza de plantexamento entre a arte clásica e moderna	PE	30
CA1.3 - Describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analízalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero.	Sabe diferenciar a arte figurativa e abstracta e entende a intencionalidade de ambos.		
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficas e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Aprende a diferenciar entre as distintas técnicas e linguaxes gráfico-plásticas, dende a arte antiga ás novas tecnoloxías contemporáneas.		
CA4.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade.	Iníciase na comprensión da finalidade das obras artísticas e as distintas imaxes, segundo a súa función.		
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus distintos procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos.	Iníciase na comprensión da finalidade das obras artísticas e as distintas imaxes, segundo a súa función.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Reflexiona e investiga buscando apoio visual para enriquecer o propio imaxinario.		
CA4.6 - Recoñecer os usos e as funcións das producións e das manifestacións artísticas, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Amosa curiosidade por coñecer os distintos usos das imaxes, e profundizar no coñecemento da linguaxe visual.		
CA2.2 - Expresar ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes.	Expresa as súas ideas en debuxos segundo o seu nivel de habilidade.	TI	70
CA2.3 - Realizar diferentes tipos de producións artísticas individuais ou colectivas, integrando racionalidade, empatía e sensibilidade, e seleccionando as técnicas e os soportes adecuados ao propósito.	Elixo diversas técnicas para expresarse.		
CA2.4 - Desenvolver producións e manifestacións artísticas cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Realiza bosquexos e probas ata chegar á realización final.		
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Experimenta con distintas técnicas plásticas, utilizando tamén as técnicas mixtas cunha intencionalidade comunicativa.		
CA3.3 - Experimentar con distintas técnicas bidimensionais e tridimensionais na xeración de mensaxes propias, amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Experimenta con distintas técnicas plásticas, utilizando tamén as técnicas mixtas cunha intencionalidade comunicativa.		
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Expresa as súas ideas en debuxos, pinturas ou collages segundo o seu nivel de habilidade.coordínase con outros compañeiros para acadar un resultado común.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros artísticos máis destacados. - Manifestacións culturais e artísticas máis importantes, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: os seus aspectos formais e a súa relación co contexto histórico. - A linguaxe visual como forma de comunicación. - Elementos básicos da linguaxe visual: o punto, a liña e o plano. Calidades expresivas e comunicativas. - Elementos de configuración visual: forma, cor e textura. Conceptos e posibilidades expresivas. - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións.

UD	Título da UD	Duración
2	A linguaxe visual	12

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Entender a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.	Afondar no entendemento das diversas producións artísticas no campo da plástica, descubriendo as súas múltiples posibilidades e aplicacións.	PE	30
CA1.5 - Analizar, de forma guiada, diversas producións artísticas, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha mirada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Desenvolver unha ollada crítica cara ás imaxes elaboradas por distintos medios, entendendo cada vez máis a diferenza entre o significado denotativo e connotativo das mesmas.		
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficas e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Aprende a diferenciar entre as distintas técnicas e linguaxes gráfico-plásticos, dende a arte antiga ás novas tecnoloxías contemporáneas.		
CA2.2 - Expresar ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes.	Expresa as súas ideas en debuxos segundo o seu nivel de habilidade.	TI	70
CA2.3 - Realizar diferentes tipos de producións artísticas individuais ou colectivas, integrando racionalidade, empatía e sensibilidade, e seleccionando as técnicas e os soportes adecuados ao propósito.	Elixo diversas técnicas para expresarse.		
CA2.4 - Desenvolver producións e manifestacións artísticas cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Realiza bosquexos e probas ata chegar á realización final.		
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Experimenta con distintas técnicas plásticas, utilizando tamén as técnicas mixtas cunha intencionalidade comunicativa.		
CA3.3 - Experimentar con distintas técnicas bidimensionais e tridimensionais na xeración de mensaxes propias, amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Experimenta con distintas técnicas plásticas, utilizando tamén as técnicas mixtas cunha intencionalidade comunicativa.		
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Expresa as súas ideas en debuxos, pinturas ou collages segundo o seu nivel de habilidade. coordínase con outros compañeiros para acadar un resultado común.		
CA4.4 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Reflexiona e investiga buscando apoio visual para enriquecer o propio imaxinario.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Recoñecer os usos e as funcións das producións e das manifestacións artísticas, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Amosa curiosidade por coñecer os distintos usos das imaxes, e profundizar no coñecemento da linguaxe visual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros artísticos máis destacados. - Manifestacións culturais e artísticas máis importantes, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: os seus aspectos formais e a súa relación co contexto histórico. - A linguaxe visual como forma de comunicación. - Elementos básicos da linguaxe visual: o punto, a liña e o plano. Calidades expresivas e comunicativas. - Elementos de configuración visual: forma, cor e textura. Conceptos e posibilidades expresivas. - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións.

UD	Título da UD	Duración
3	Un mundo organizado	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficas e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Aprende a diferenciar entre as distintas técnicas e linguaxes gráfico-plásticos, dende a arte antiga ás novas tecnoloxías contemporáneas.	PE	30
CA2.2 - Expresar ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes.	Expresa as súas ideas en debuxos segundo o seu nivel de habilidade.	TI	70
CA2.4 - Desenvolver producións e manifestacións artísticas cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Realiza bosquexos e probas ata chegar á realización final.		
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Experimenta con distintas técnicas plásticas, utilizando tamén as técnicas mixtas cunha intencionalidade comunicativa.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Experimentar con distintas técnicas bidimensionais e tridimensionais na xeración de mensaxes propias, amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Experimenta con distintas técnicas plásticas, utilizando tamén as técnicas mixtas cunha intencionalidade comunicativa.		
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Expresa as súas ideas en debuxos, pinturas ou collages segundo o seu nivel de habilidade.coordínase con outros compañeiros para acadar un resultado común.		
CA4.4 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Reflexiona e investiga buscando apoio visual para enriquecer o propio imaxinario.		
CA4.6 - Recoñecer os usos e as funcións das producións e das manifestacións artísticas, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Amosa curiosidade por coñecer os distintos usos das imaxes, e profundizar no coñecemento da linguaxe visual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A linguaxe visual como forma de comunicación. - Elementos básicos da linguaxe visual: o punto, a liña e o plano. Calidades expresivas e comunicativas. - Elementos de configuración visual: forma, cor e textura. Conceptos e posibilidades expresivas. - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - Introducción á xeometría plana. Trazados xeométricos básicos. Introducción aos sistemas de representación: vistas diédricas. - A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións.

UD	Título da UD	Duración
4	A escala	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficas e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Aprende a diferenciar entre as distintas técnicas e linguaxes gráfico-plásticos, dende a arte antiga ás novas tecnoloxías contemporáneas.	PE	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Expresar ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes.	Expresa as súas ideas en debuxos segundo o seu nivel de habilidade.	TI	70
CA2.4 - Desenvolver producións e manifestacións artísticas cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Realiza bosquejos e probas ata chegar á realización final.		
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Experimenta con distintas técnicas plásticas, utilizando tamén as técnicas mixtas cunha intencionalidade comunicativa.		
CA3.3 - Experimentar con distintas técnicas bidimensionais e tridimensionais na xeración de mensaxes propias, amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Experimenta con distintas técnicas plásticas, utilizando tamén as técnicas mixtas cunha intencionalidade comunicativa.		
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Expresa as súas ideas en debuxos, pinturas ou collages segundo o seu nivel de habilidade. coordínase con outros compañeiros para acadar un resultado común.		
CA4.4 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Reflexiona e investiga buscando apoio visual para enriquecer o propio imaxinario.		
CA4.6 - Recoñecer os usos e as funcións das producións e das manifestacións artísticas, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Amosa curiosidade por coñecer os distintos usos das imaxes, e profundizar no coñecemento da linguaxe visual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A linguaxe visual como forma de comunicación. - Elementos básicos da linguaxe visual: o punto, a liña e o plano. Calidades expresivas e comunicativas. - Elementos de configuración visual: forma, cor e textura. Conceptos e posibilidades expresivas. - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - Introducción á xeometría plana. Trazados xeométricos básicos. Introducción aos sistemas de representación: vistas diédricas. - A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións.

UD	Título da UD	Duración
5	Capturar un instante	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analízalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero.	Saber diferenciar a arte figurativa e abstracta e entende a intencionalidade de ambos. Coñecer as principais características dalgúns movementos artísticos modernos.	PE	30
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas.	Segue un guión sinxelo para comentar os aspectos principais dunha obra de arte ou imaxe publicitaria.		
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficas e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Aprende a diferenciar entre as distintas técnicas e linguaxes gráfico-plásticos, dende a arte antiga ás novas tecnoloxías contemporáneas.		
CA4.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade.	Iníciase na comprensión da finalidade das obras artísticas e as distintas imaxes, segundo a súa función.		
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus distintos procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos.	Iníciase na comprensión da finalidade das obras artísticas e as distintas imaxes, segundo a súa función.		
CA4.4 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Reflexiona e investiga buscando apoio visual para enriquecer o propio imaxinario.		
CA1.2 - Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte.	Coñece os datos da ficha técnica dunha obra de arte e analiza os aspectos principais da mesma.	TI	70
CA1.4 - Entender a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.	Afondar no entendemento das diversas producións artísticas no campo da plástica, descubrindo as súas múltiples posibilidades e aplicacións.		
CA1.5 - Analizar, de forma guiada, diversas producións artísticas, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha mirada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Desenvolver unha ollada crítica cara ás imaxes elaboradas por distintos medios, entendendo cada vez máis a diferenza entre o significado denotativo e connotativo das mesmas.		
CA2.2 - Expresar ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes.	Expresa as súas ideas en debuxos segundo o seu nivel de habilidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Realizar diferentes tipos de producións artísticas individuais ou colectivas, integrando racionalidade, empatía e sensibilidade, e seleccionando as técnicas e os soportes adecuados ao propósito.	Elixe diversas técnicas para expresarse.		
CA2.4 - Desenvolver producións e manifestacións artísticas cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Realiza bosquexos e probas ata chegar á realización final.		
CA2.5 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Incorpora referencias do seu entorno cultural ou da historia da arte ás súas creacións.		
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Experimenta con distintas técnicas plásticas, utilizando tamén as técnicas mixtas cunha intencionalidade comunicativa.		
CA3.3 - Experimentar con distintas técnicas bidimensionais e tridimensionais na xeración de mensaxes propias, amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Experimenta con distintas técnicas plásticas, utilizando tamén as técnicas mixtas cunha intencionalidade comunicativa.		
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Expresa as súas ideas en debuxos, pinturas ou collages segundo o seu nivel de habilidade.coordínase con outros compañeiros para acadar un resultado común.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	Comenta o proceso de creación sendo consciente dos fallos e das posibilidades de mellora.		
CA4.3 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais.	Aprende a diferenciar planos e encadramentos fotográficos, así como as principais angulacións.		
CA4.6 - Recoñecer os usos e as funcións das producións e das manifestacións artísticas, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Amosa curiosidade por coñecer os distintos usos das imaxes, e profundizar no coñecemento da linguaxe visual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros artísticos máis destacados. - Manifestacións culturais e artísticas máis importantes, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: os seus aspectos formais e a súa relación co contexto histórico. - A linguaxe visual como forma de comunicación. - Elementos básicos da linguaxe visual: o punto, a liña e o plano. Calidades expresivas e comunicativas. - Elementos de configuración visual: forma, cor e textura. Conceptos e posibilidades expresivas.

Contidos
- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.
- A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións.
- Imaxe fixa, secuencial e en movemento. Características, orixe e evolución. O cómic, a fotografía e os formatos dixitais.

UD	Título da UD	Duración
6	Ilustrar historias	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte.	Coñece os datos da ficha técnica dunha obra de arte e analiza os aspectos principais da mesma.	PE	30
CA1.3 - Describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analizalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero.	Saber diferenciar a arte figurativa e abstracta e entende a intencionalidade de ambos. Coñecer as principais características dalgúns movementos artísticos modernos.		
CA1.4 - Entender a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.	Afondar no entendemento das diversas producións artísticas no campo da plástica, descubriendo as súas múltiples posibilidades e aplicacións.		
CA1.5 - Analizar, de forma guiada, diversas producións artísticas, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha mirada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Desenvolver unha ollada crítica cara ás imaxes elaboradas por distintos medios, entendendo cada vez máis a diferenza entre o significado denotativo e connotativo das mesmas.		
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas.	Segue un guión sinxelo para comentar os aspectos principais dunha obra de arte ou imaxe publicitaria.		
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficas e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Aprende a diferenciar entre as distintas técnicas e linguaxes gráfico-plásticas, dende a arte antiga ás novas tecnoloxías contemporáneas.	TI	70
CA2.2 - Expresar ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes.	Expresa as súas ideas en debuxos segundo o seu nivel de habilidade.		
CA2.3 - Realizar diferentes tipos de producións artísticas individuais ou colectivas, integrando racionalidade, empatía e sensibilidade, e seleccionando as técnicas e os soportes adecuados ao propósito.	Elixo diversas técnicas para expresarse.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Desenvolver producións e manifestacións artísticas cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Realiza bosquexos e probas ata chegar á realización final.		
CA2.5 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Incorpora referencias do seu entorno cultural ou da historia da arte ás súas creacións.		
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Experimenta con distintas técnicas plásticas, utilizando tamén as técnicas mixtas cunha intencionalidade comunicativa.		
CA3.3 - Experimentar con distintas técnicas bidimensionais e tridimensionais na xeración de mensaxes propias, amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Experimenta con distintas técnicas plásticas, utilizando tamén as técnicas mixtas cunha intencionalidade comunicativa.		
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Expresa as súas ideas en debuxos, pinturas ou collages segundo o seu nivel de habilidade.coordínase con outros compañeiros para acadar un resultado común.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	Comenta o proceso de creación sendo consciente dos fallos e das posibilidades de mellora.		
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus distintos procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos.	Iníciase na comprensión da finalidade das obras artísticas e as distintas imaxes, segundo a súa función.		
CA4.3 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais.	Aprende a diferenciar planos e encadramentos fotográficos, así como as principais angulacións.		
CA4.4 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Reflexiona e investiga buscando apoio visual para enriquecer o propio imaxinario.		
CA4.5 - Desenvolver producións e manifestacións visuais cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Partindo dunha intención previa, realiza bosquexos e probas ata chegar á realización final, coordinándose cos compañeiros.		
CA4.6 - Recoñecer os usos e as funcións das producións e das manifestacións artísticas, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Amosa curiosidade por coñecer os distintos usos das imaxes, e profundizar no coñecemento da linguaxe visual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Os xéneros artísticos máis destacados.

Contidos

- Manifestacións culturais e artísticas máis importantes, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: os seus aspectos formais e a súa relación co contexto histórico.
- A linguaxe visual como forma de comunicación.
- Elementos básicos da linguaxe visual: o punto, a liña e o plano. Calidades expresivas e comunicativas.
- Elementos de configuración visual: forma, cor e textura. Conceptos e posibilidades expresivas.
- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.
- A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións.
- Imaxe fixa, secuencial e en movemento. Características, orixe e evolución. O cómic, a fotografía e os formatos dixitais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao tratarse dunha materia fundamentalmente práctica, o traballo guiado do alumnado na aula ten unha importancia fundamental. Polo tanto, cada unidade didáctica constará dunha presentación dos contidos, conceptos e técnicas fundamentais por parte do profesor, procurando sempre a reflexión e intervención activa do alumnado. Despois, adicaránse as sesións necesarias para aplicar ditos contidos nos exercicios prácticos, elaborados na súa meirande parte no Caderno de traballo do alumnado. Durante estas sesións prácticas, o profesor guiará e solucionará as dúbidas do alumnado, prestando especial atención nos casos que presenten maiores dificultades.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno de traballo do alumno Educación Plástica, Visual e Audiovisual I ESO. R. Arregui. M.Piqueras, M.L. Maturana, D. Callejón. Editorial Anaya. Workbook Stage I Visual and Audiovisual Education. R. Arregui. M.Piqueras, M.L. Maturana, D. Callejón. Editorial Anaya.

O alumnado utilizará o Caderno de traballo citado anteriormente para a realización dos exercicios prácticos e contará coa aula virtual EDIXGAL da materia EPVA 1º ESO bilingüe e EPVA 1º ESO non bilingüe onde poderá consultar as presentacións nas que se exporán os conceptos teóricos con amplo apoio audiovisual, ademais das listaxes das láminas requiridas, e as aclaracións que resulten necesarias.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Tras explicar ao alumnado o concepto Figurativo/ abstracto na arte, para que entenda que non ten que saber debuxar de xeito realista para elaborar unha obra de interese plástico, pediráselle que realice a súa propia composición con total liberdade temática. Con esta proba apreciaráse a creatividade, dotes para o debuxo, captación de exemplos e conceptos ou tamén, pola contra, dificultades importantes de motricidade, bloqueo creativo, etc.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	17	17	17	15	100
Proba escrita	30	30	30	30	30	30	30
Táboa de indicadores	70	70	70	70	70	70	70

Criterios de cualificación:

NOTA DA AVALIACIÓN: Láminas 70% + proba 30 % (+ Láminas voluntarias)

Láminas e tarefas-tradicionais e dixitais 70% (media aritmética dos traballos realizados x 0´7). En cada lámina presentada con atraso descontárase un punto. Considérase atraso presentala un mes despois da data de presentación establecida, agás causa xustificada como ter faltado por enfermidade. As láminas deberán realizarse na aula. **A profesora poderá rexeitar as láminas que non se realizasen baixo a súa supervisión.**

baixo a súa supervisión.

+Probas 30% (nota do exame ou traballo de avaliación x 0´3). Se nunha avaliación non houbose exame a media aritmética das láminas suporía un 70% da nota e o 30% restante correspondería a un traballo teórico-práctico.

ACTITUDE NEGATIVA: Enténdese por actitude negativa molestar en clase, non traballar e non traer material de xeito reiterado. Cando esto suceda a profesora advertirá ao alumno ou alumna verbalmente, a segunda vez informará á familia por Abalar e se sucede en tres ocasións será motivo de parte de apercibimento.

ACTITUDE POSITIVA: PODERÁ SUBIR ATA UN PUNTO NA NOTA DA AVALIACIÓN. Traballar con constancia na aula, vir provisto do material necesario, respectar o traballo do resto dos compañeiros e da profesora, entregar os traballos puntualmente, realizar láminas voluntarias...Ditas láminas ou traballos voluntarios subirán 0,25 puntos cada unha, ata un punto por avaliación.

A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Unha vez realizadas as operacións do cálculo da nota, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa.

c) Recuperación das avaliacións suspensas

Se un alumno ou alumna non aprobese unha avaliación por non ter presentado no seu momento todas as láminas propostas ou telas suspensas, deberá presentalas para recuperar a avaliación. No caso de que suspendese o exame, deberá repetilo. Se fallasen ambas cuestións, debería repetir o exame e ademais presentar as láminas.

d) Avaliación final

A entrega final de láminas e traballos será fixada unha semana antes do remate das clases, e anunciada coa suficiente antelación tanto na clase como na aula virtual da materia. Unha vez realizada e cualificada a entrega final de láminas e os exames ou traballos de recuperación, a nota final será a media aritmética da 1ª, 2ª e 3ª avaliación.

AVALIACIÓN DO ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA

a) No caso de que o alumnado teña cualificación en unha ou dúas avaliacións ao incorporarse ao centro, cursará a materia con normalidade a partir da súa incorporación (ou con reforzo se así o precisase) e para a cualificación final seguirase o criterio

anteriormente especificado.

b) No caso de que non haxa cualificacións da primeira nin da segunda avaliación, a nota final será o 100% da terceira avaliación.

Crterios de recuperación:

Se un alumno ou alumna non aprobase unha avaliación por non ter presentado no seu momento todas as láminas propostas, ou non ter acadado os obxectivos mínimos nelas, deberá realizalas e presentalas para recuperar a avaliación no seguinte trimestre. No caso de que suspendese o exame, deberá repetilo. Se fallasen ambas cuestións, debería repetir o exame e ademáis presentar as láminas.

Ao longo do curso, o alumnado poderá presentar as láminas de recuperación xunto coas do trimestre correspondente, nas entregas mensuais establecidas. Tamén será fixada unha data para o exame de recuperación, de ser necesario.

A entrega final de láminas e o exame final de recuperación, serán fixados unha semana antes do remate das clases, e anunciados coa suficiente antelación tanto na clase como na aula virtual da materia. Unha vez realizadas as actividades finais de recuperación, a nota final será a media aritmética da 1ª, 2ª e 3ª avaliación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Os alumnos que teñan a materia pendente do ano pasado terán a posibilidade de recuperala mediante traballos e exames parciais. Os traballos consistirán en láminas sobre os contidos impartidos nas distintas avaliacións, e deberán entregarse o día do exame.

A media das láminas contará como o 60% da nota, e o exame un 40 % en cada un dos parciais.

Os exames teóricos poderá prepararse consultando a teoría das Unidades didácticas correspondentes na aula virtual de EPVA 1º de ESO pendentes.

A información detallada do Plan de Pendentes estará exposta no corcho de materias pendentes no instituto, colgada na web do centro no apartado correspondente ao departamento de Artes Plásticas, ademáis de ser entregada ao alumnado, titor e equipo directivo.

Os parciais e entregas de láminas terán lugar nas datas fixadas pola dirección do centro, aproximadamente arredor do 20 de novembro, febreiro e maio.

O exame teórico do terceiro parcial será das dúas avaliacións anteriores para o alumnado non presentado ou suspenso. Os alumnos aprobados nas dúas avaliacións anteriores só terán que presentar as láminas do terceiro trimestre.

Se un alumno non presentou láminas nin se presentou ao exame teórico-práctico en ningunha das tres convocatorias, enténdese que abandonou por completo a materia e non ten sentido, por tanto, convocalo de novo.

Se polo contrario, tivese algunha avaliación recuperada, daríasele a oportunidade de presentar as láminas non presentadas ou suspensas das entregas anteriores unha semana antes da finalización das clases, al igual que nos cursos ordinarios. A continuación, obteríase a media aritmética das tres avaliacións para achar a nota final.

6. Medidas de atención á diversidade

Aplicaranse reforzos aos alumnos que o precisen, prestándolles unha atención máis individualizada dentro da aula na medida do posible. Ademáis, axustaránse á baixa nestes casos os criterios de avaliación, valorando ante todo o esforzo e o traballo do alumno ou alumna por encima da calidade dos resultados.

Levaranse a cabo tamén Plans de reforzo, para a recuperación do alumnado coa materia pendente, e Plans específicos personalizados para os alumnos repetidores que suspenderan a materia o ano anterior.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - As nosas emocións	X	X			X	X
ET.2 - A influencia da publicidade	X			X		
ET.3 - A interacción coa natureza			X	X	X	
ET.4 - Igualdade de xénero					X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Decoración de portas co motivo do Samaín	Concurso de decoración de portas para o samaín. Colectivo, por grupo-clase.	X		
Realización dunha postal de Nadal	Realización dunha postal de Nadal, en coordinación co departamento de Dinamización Lingüística e Biblioteca. Individual.	X		
Concurso de disfraces e/ou máscaras	Concurso de disfraces e/ou máscaras, en coordinación co departamento de Dinamización Lingüística e Biblioteca. Colectivo / individual		X	

Observacións:

Realizarase unha saída que consistirá nunha visita guiada a un museo ou exposición de arte ao longo do 2º trimestre.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
(P) Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións.
(A) Antes de comezar unha unidade, explico ao alumnado "que", "con que frecuencia" e "en base a que" avaliarei.
(A) Utilizo diferentes tipos de probas: exames escritos / exames orais / traballo individual / traballo en equipo.

Metodoloxía empregada
(M) Ao comezo de cada unidade o alumnado coñece os obxectivos e competencias que queremos desenvolver, as actividades que realizarán, como se lles avaliará...
(M) Motivo o meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade das actividades e creando expectativas.
(M) Paso as horas lectivas realizando todas as seguintes actividades: intentando conseguir silencio / impartindo teoría e explicacións / respondendo a preguntas, fomentando a participación, desenvolvendo prácticas, etc. / Observando / Corrixindo ao alumnado de xeito individual.
(M) Ao comezo de cada unidade o alumnado coñece os obxectivos e competencias que queremos desenvolver, as actividades que realizarán, como se lles avaliará...
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
(P) Dou a coñecer ao alumnado os elementos básicos da programación.
Medidas de atención á diversidade
(AD) Dou ao alumnado a explicación que precisa dos seguintes xeitos: No grupo grande / No grupo pequeno / De xeito individual.
(AD) Axusto os criterios de avaliación nas tarefas segundo os diferentes niveis en cada unidade e exame.

Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
 - Diseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
 - Analizar os resultados obtidos.
 - Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.
- Os indicadores de logro organízanse en torno a catro apartados:
- (P) Programación.
 - (M) Metodoloxía.
 - (AD) Atención á diversidade.
 - (A) Avaliación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento.

Durante o curso, farase un seguimento da programación cunha periodicidade trimestral. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e faranse constar os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso nas correspondentes reunións de departamento.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro consistirán en:

- Rexistro nas actas mensuais do departamento onde se irán anotando os aspectos máis destacables.
- Estatísticas de resultados.

9. Outros apartados